

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 31 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se amplía o prazo de reclamación contra as puntuacións provisionais na convocatoria excepcional do proceso de estabilización, polo sistema de concurso na categoría de celador/a.*

A Resolución do 17 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 18, do 25 de xaneiro), pola que se declaran con carácter definitivo as persoas aspirantes admitidas e excluídas na convocatoria excepcional do proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, e se publican as puntuacións provisionais para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario, establece no seu punto cuarto que os/as aspirantes admitidos/as poderán presentar reclamación, ante o propio tribunal, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para formularen reclamación contra os resultados da baremación provisional. O prazo de reclamación finaliza o día 8 de febreiro de 2024.

Detectada unha incidencia na baremación provisional na categoría de celador/a que obrigou a publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), os listados corrixidos o día 31 de xaneiro, esta dirección xeral como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Ampliar o prazo de reclamación contra as puntuacións provisionais publicadas na páxina web ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) na convocatoria excepcional do proceso de estabilización, polo sistema de concurso na categoría de celador/a, dada a incidencia producida.

Os/as aspirantes admitidos/as na categoría de celador poderán presentar reclamación, ante o propio tribunal, ata o 15 de febreiro de 2024. Tales reclamacións serán rexeitadas ou admitidas na resolución definitiva, que aprobará esta dirección xeral e que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, logo da análise das reclamacións polo tribunal, que efectuará, de ser o caso, as oportunas correccións, aprobará as puntuacións definitivas de méritos do concurso e elevaraaas á autoridade convocante.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2024

Ana María Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos

